



## Adscrición cultural

Calcolítico

Tipoloxía

Petróglifo

## LOCALIZACIÓN

Parroquia

San Xurxo de Sacos

Lugar

## Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 541080 Y: 4707289

## Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.501444 O

Latitude: 42.514957 N



## Descrición

Trátase de varios conxuntos de gravados localizados nun afloramento plano, con caída cara ó sudoeste, na zona de ruptura de pendente da dorsal cara o val do Lérez.

- Conxunto gravado 1. Concentrados no sector nororiental dunha rocha plana, a ras de chan, cun eixo NE-SW de 16 m. e NW-SE de 4,9 m. Sobresae un máximo de 0,5 m. dende a rasante dos terreos. Aparecen ao redor de cincuenta combinacións de círculos concéntricos de variada tipoloxía e entrelazados por trazos lonxitudinais. Entre a zona central, ocupada preferentemente polas combinacións circulares, e os marxes da rocha, aparece un bo número de cérvidos de pequeno tamaño, un deles no interior dunha das combinacións e outros máis unidos a elas.

- Conxunto gravado 2. Nun soporte alombado de planta trapezoidal, cun eixo NE-SW de 4,15 m. e NW-SE de 2,6 m. A rocha sobresae entre 0,2 e 1 m. Gran combinación de nove círculos concéntricos con coviña central e trazos radiais á que se xuntan outra pequena combinación con dous círculos concéntricos con coviña central e tres deseños de cérvidos.

- Conxunto de gravados 3. Localízase nun soporte inclinado e parcialmente cuberto polo muro de peche que rodea ó petróglifo, cun eixo NE-SW de 3,14 m. e NW-SE de 0,85 m. Sobresae un máximo de 0,1 m. Este grupo está formado por unha combinación de dous círculos concéntricos con coviña central.

- Conxunto gravado 4. Concentrados no sector suroccidental da rocha plana, a ras de chan, que tamén contén o conxunto 1 (cun eixo NE-SW de 16 m. e NW-SE de 4,9 m.). Sobresae un máximo de 0,3 m. Combinación de tres círculos concéntricos con apéndice, asociados a coviña central. Aproximadamente un metro ó oeste, aparecen varios trazos indeterminados. Todo o conxunto está

